

DE PRIMARIA Á E.S.O



# E.S.O.



- **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.**
  - **ETAPA OBRIGATORIA E GRATUÍTA PARA TODO O ALUMNADO (de 12 a 16 anos).**
  - **ESTRUTURADA EN CATRO CURSOS: 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.**
-


# DIFERENZAS ENTRE PRIMARIA E 1º ESO



- Na ESO hai unha profesora ou profesor por materia. Unha persoa das que imparte docencia será, ademais, titora do grupo.
- Sesión semanal de tutoría: tempo para reunión da titora ou titor co seu grupo.
- Máis horas de clase á semana, de 25 en Primaria a 32 na ESO. Un día da semana hai clase mañá e tarde.
- Actividades de recuperación en xuño, cando non se aproba algunha materia.
- A ESO coincide co inicio da etapa da adolescencia.



# AVALIACIÓN



- A avaliación é trimestral, hai tres avaliacións, como en Primaria.
  - As notas tampouco varían con respecto a Primaria, van de 1 a 10. Suspéndese cando a puntuación é menor de 5.
  - Hai recuperacións dos exames suspensos.
  - As materias suspensas poderán recuperarse.
  - Ao rematar 2º e 4º da ESO cada alumna e alumno recibe un Consello Orientador do equipo docente con recomendacións sobre o itinerario a seguir no curso seguinte e o informe do grao de consecución das competencias.
-

# PERMANENCIA NA ESO



- **O ensino é OBRIGATORIO ata os 16 anos.**
  - No caso de repetir algún curso, pódese permanecer nesta etapa ata os 18 anos. Cada curso só se pode repetir unha vez, ata un máximo de dúas veces no ensino básico (primaria e ESO).
  - De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis en 4º ESO, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade.
  - O alumnado que non obteña o título e supere os límites de idade, tendo en conta a prolongación excepcional da permanencia na etapa, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.
  - Para a promoción de curso é necesario que se acaden os obxectivos e competencias establecidas, aprobar todas as materias ou que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas permita seguir con éxito o curso seguinte (se a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias é igual ou superior a 5). En todo caso, promócióname con avaliación negativa nunha ou dúas materias.
  - Cando se promociona ao curso seguinte con algunha materia suspensa, hai que recuperala ao longo do novo curso.
-

# TITULACIÓN



- ***GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA***
- **ESTE TÍTULO PERMITE ACCESO A :**
  - ***BACHARELATO***
  - ***CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO (FP)***
  - ***ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL (deportivas, artísticas e idiomas)***
  - ***MUNDO LABORAL***

# IES ILLA DE SARÓN

## HORARIO



- **As clases comezan ás 8:50 e rematan as 14:30 horas.**
- **A duración de cada clase é de 50 minutos.**
- **Hai 2 recreos de 20 minutos cada un, de 10:30 a 10:50 e de 12:30 a 12:50 horas.**
- **Os luns hai clase pola mañán e pola tarde.**
- **O horario da tarde do luns é de 16:30 a 18:10 horas.**





HORA	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
8:50 – 9:40					
9:40 – 10:30					
10:30 -10:50	RECREO ( 20 MINUTOS)				
10:50 -11:40					
11:40 -12:30					
12:30 -12:50	RECREO ( 20 MINUTOS)				
12:50 -13:40					
13:40 -14:30					
MEDIODIA					
16:30 -17:20					
17:20 -18:10					





# MATERIAS 1º ESO



MATERIAS
1. Biología e Xeoloxía
2. Xeografía e Historia
3. Lingua Castelá e Literatura
4. Lingua Galega e Literatura
5. Matemáticas
6. Primeira Lingua Estranxeira
7. Segunda Lingua Estranxeira
8. Educación Física
9. Educación Plástica, Visual e Audiovisual
10. Tecnoloxía de Dixitalización
11. Relixión ou Proxecto competencial
Sesión semanal de titoría



# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES NO IES ILLA DE SARÓN



- **Charlas/obradoiros sobre diversos temas.**
- **Encontros con escritoras e escritores.**
- **Exposicións.**
- **Saídas didácticas.**
- **Asistencia a representacións teatrais.**
- **Excursións.**



# RECOMENDACIÓNS PARA A PRÓXIMA ETAPA



- **Atender na clase e intentar levar os apuntes ao día.**
  - **Procurar repasar o que se explicou na clase.**
  - **Preparar os exames con antelación.**
  - **Utilizar unha axenda para anotar as dúbidas, datas de exames, datas de entrega de traballos, etc.**
  - **Preguntar na clase as cuestións que non se comprenden, non acumular dúbidas.**
  - **Ante preocupacións, problemas ou dúbidas, acudir á titora ou titor, profesorado de máis confianza, á orientadora, ou falar con algunha persoa do equipo directivo.**
-

# DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



Igual que en Primaria, na ESO hai un Departamento de Orientación, que se encarga, entre outras funcións, de:

- Organizar as medidas de apoio educativo.
- Axuda persoal.
- Información académica.
- Ensinar a tomar decisións.
- Ensinar a resolver conflitos.
- Coordinación coas titoras e titores e asesoramento ao profesorado.
- Asesoramento ás familias.



**BOA ENTRADA NESTA NOVA  
ETAPA!!**

